

As linguas e a revolución que vén

Luz Varela Armas
luz.armas@udc.es

1. Introducción

Este traballo ten como obxectivo analizar as novas dinámicas sociais que están a xurdir no contexto actual, un contexto en que podemos afirmar que estamos a vivir unha revolución, xa que estamos a sufrir importantes cambios políticos, sociais e económicos. Analizaremos o papel que os novos xeitos de nos comunicarmos, xurdidos grazas a internet, teñen nestes cambios, para detérmonos despois en como lle pode afectar internet á situación das linguas no mundo, centrándonos no caso do galego.

2. Estamos a vivir unha revolución?

Antes de comezarmos cómpre termos claro que entendemos por revolución. Segundo o *Diccionario galego de Filosofía*, desde a Revolución francesa este termo “adquire o significado de cambio violento e brusco, de ruptura cun presente que non satisfai. [...] A revolución implica cambios sociais e políticos radicais.” (Rivas & Rodríguez & Lozano, 2005: 322). Partindo desta definición, parece claro que os profundos cambios políticos, sociais e económicos acontecidos nos últimos tempos permiten que afirmemos que, en efecto, estamos a vivir unha revolución. Con todo, o difícil non é respondermos esa pregunta, senón a que vén despois: cara onde nos leva esta revolución? Non é nada doado analizar con perspectiva unha situación que estamos a vivir para nos facermos unha idea de cal é a súa dirección. Nas próximas liñas faremos un repaso por revolucións pasadas coa intención de entendermos mellor cara onde nos pode estar levando a actual.

2.1. Topoloxías de rede e sistemas políticos ao longo da historia

O economista e tecnólogo David de Ugarte explícanos no seu libro *El poder de las redes* (2005) que, adoptando unha óptica histórica, é posíbel relacionarmos as diferentes topoloxías de rede de comunicación con diferentes sistemas políticos. Seguindo o esquema proposto nos anos 60 do século XX por Paul Baran para as infraestruturas de comunicación, podemos diferenciar entre tres tipos de redes: centralizada, descentralizada e distribuída. No primeiro caso todos os nodos son periféricos agás un, a través do que todos os demais se teñen que comunicar, polo que a súa caída implica a caída da rede; o segundo tipo de rede está composto por varias redes centralizadas; mentres que a rede distribuída é unha rede en que desaparece a división entre centro e periferia, pois todos os nodos teñen o mesmo valor e a caída de un deles non desconecta ningún outro (Ugarte, 2005).




Ilustración 1: Esquema das topoloxías de rede de Paul Baran (de esquerda a dereita: centralizada, descentralizada e distribuída). Imaxe modificada a partir da publicada por Ugarte (2005).

Indícanos David de Ugarte que a estrutura da información nas redes centralizadas é a que tiñan as redes de postas ou os primeiros xornais. As primeiras eran un sistema que obrigaba a que calquera carta enviada desde un punto a outro pasase sempre pola capital, que era o nó central da rede (por exemplo, na época do Imperio Portugués para enviar unha carta dun punto a outro de Brasil, a carta tiña que pasar obrigatoriamente por Lisboa); mentres que os primeiros xornais tiñan carácter local e estaban elaborados por e para as elites, era información que proviña dunha fonte única que aplicaba os filtros que desexaba. No plano político correspóndese con sistemas como a monarquía absoluta ou os estados centralistas do tipo do estado xacobino francés. No 1844 Samuel Morse envía a primeira mensaxe a través dun telégrafo e, pouco despois, Paul Julius Reuter envía a primeira mensaxe entre París e Londres. O telégrafo xa non estrutura a información arredor dunha única capital, como as postas, senón que o fai a través de varias, isto é, trátase dunha rede descentralizada. É nesta época cando xorde a primeira axencia de noticias, Reuter's, e a figura do/a xornalista profesional, o que fai que a prensa non inclúa só asuntos locais, senón tamén asuntos internacionais. Se a isto lle unimos a maior alfabetización da cidadanía, temos unha información descentralizada, máis plural e que chega xa a máis sectores que as elites. Isto provocou, no plano político, que as antigas elites oligárquicas desen paso a unha estrutura de partidos e sindicatos e, co tempo, ás democracias representativas universais (Ugarte, 2011).

Coa expansión do computador persoal e co xurdimento dunha rede global e distribuída como internet establécese un novo contexto. Se as axencias de noticias fixeron caer o filtro informativo único que supoñía un poder central antes da existencia do telégrafo, os novos medios electrónicos poñen en cuestión as redes descentralizadas en que funcionan os medios de comunicación convencionais, pois os blogues, as redes sociais ou os wikis permiten unha estrutura da información distribuída, en que a unidireccionalidade centros – periferia se volve unha multidireccionalidade entre nós iguais. Isto podería dar lugar, no plano político, á plurarquía, un sistema de toma de decisións non binario, en que xorden iniciativas individuais ou colectivas ás que se suman as persoas que queren, e a dimensión que acaden esas iniciativas de penderán do grao de acordo que se produza na sociedade en relación a esas propostas. (Ugarte, 2011).

Así as cousas, segundo David de Ugarte, no momento actual estaríamos a vivir a transición desde un modelo en que a estrutura da información está descentralizada cara a un novo modelo en que a estrutura da información está distribuída. Vivimos, xa que logo, a tensión entre un modelo descentralizado en crise que se resiste a desaparecer (o que está a xerar importantes conflitos políticos, sociais e económicos), e un novo modelo distribuído, baseado tecnicamente en internet, que está a emerxer e que fai tremer os alicerces do antigo modelo. De aí que sociólogos coma Manuel Castells afirmen que “os políticos suprimirían Internet se puidesen, pero xa é moi tarde” (Ventós, 2013/12/15), pois internet é unha ameaza para o modelo político en crise. Con todo, até agora só describimos a posíbel revolución emerxente desde unha perspectiva teórica, mais nalgúns campos a existencia dunha rede de comunicacións distribuída xa tivo importantes consecuencias, como veremos deseguido.

2.2. Os indicios da revolución

Existen xa algúns exemplos que nos amosan claramente que é posíbel traballar doutro xeito, baseándonos nunha estrutura distribuída, algo que non só permite traballar máis eficientemente, senón que tamén contribúe para a creación dun mundo máis xusto. Velaquí algúns exemplos:

2.2.1. O coñecemento libre e distribuído: a Wikipedia

A Wikipedia é unha enciclopedia colaborativa baseada nun wiki, isto é, nun software colaborativo que permite a edición colectiva de documentos sen que o contido teña que ser revisado antes da súa publicación. Trátase, por tanto, dun proceso de traballo distribuído, pois calquera persoa pode publicar ou

modificar contidos directamente sen pasar por filtro ningún. Este xeito de traballar posibilitou que poucos anos despois do seu lanzamento (2001) se convertese na enciclopedia multilingüe máis grande do mundo. Para alén disto, o feito de se editar de xeito distribuído permite tamén que sexa a enciclopedia máis actualizada creada polo ser humano. Con todo, existen voces que poñen en dúbida a calidade dos contidos da Wikipedia, precisamente porque calquera persoa a pode editar, polo que sería doado que calquera introducise contidos falsos ou manipulados, isto é, que sufrise accións de vandalismo. Os estudos a respecto da calidade da información da Wikipedia indican o contrario: a calidade é semellante ou superior á das enciclopedias tradicionais (Casebourne & Davies, & Fernandes & Norman, 2012: 10 – 12). Isto pódese explicar en gran medida porque a propia comunidade de persoas editoras regula dun xeito bastante eficaz o vandalismo: cando alguén introduce un contido non adecuado adoita ser corrixido axiña por outra persoa. Así as cousas, parece que este filtro da información é potencialmente mellor que o das enciclopedias tradicionais, xa que no caso da Wikipedia o filtro é unha comunidade de persoas editoras que actúan movidas polo afán de poñeren o coñecemento ao dispor de todo o mundo de xeito libre e gratuito; mentres que no caso das enciclopedias tradicionais son persoas editoras que, en ocasións, teñen intereses económicos ou ideolóxicos, polo que o risco nesgos no contido parece maior neste segundo caso.

2.2.2. O software libre: o primeiro modelo de produción distribuída

Actualmente non é raro escoitarmos falar de software libre, mais non sempre temos claro a que nos referimos con software libre e existe certa confusión con outros termos próximos, coma o de código aberto (*open source*). O software libre defínese por lles permitir ás persoas usuarias exercer catro liberdades, sinaladas por Richard Stallman, o fundador do Movemento polo Software Libre: a liberdade para executar o programa, para calquera propósito (liberdade 0); a liberdade para estudar como funciona o programa e realizar mudanzas para que faga o que queres (liberdade 1), o acceso ao código fonte é unha condición previa para isto; a liberdade para redistribuír copias, polo que podes axudar ao/á veciño/a (liberdade 2); a liberdade para distribuír copias das túas versións modificadas a outras persoas (liberdade 3). Facendo isto dálle a toda a comunidade a oportunidade de se beneficiar das túas mudanzas. O acceso ao código fonte é unha condición previa para isto. (Stallman, 2010: 3). A finalidade principal deste modelo de produción é que o software desenvolto pola comunidade reverta nun beneficio para toda a sociedade. Con todo, existen modelos de desenvolvemento de software que tamén permiten estas catro liberdades, mais que non teñen como finalidade principal o beneficio social, senón que aproveitan que o traballo distribuído permite desenvolver software de calidade (cantos máis ollos poden ver e modificar o código, máis doado é melloralo) para acadar un maior beneficio económico. Isto é o que se coñece como código aberto: un modelo de traballo idéntico ou moi parecido ao do software libre, mais que non ten como base a busca do beneficio social. Así as cousas, o software libre baséase nunha estrutura distribuída para producir de xeito de colaborativo un produto de calidade e que ten como principal obxectivo que a sociedade no seu conxunto, e non só unha pequena parte, se beneficie do traballo colectivo da comunidade de persoas desenvolvedoras.

2.2.3. O hardware libre: os medios de produción en mans da cidadanía

O termo hardware refírese a todos aqueles compoñentes físicos que forman parte dun computador, mentres que o hardware libre engloba os dispositivos de hardware cuxo deseño é público, de xeito que calquera o pode consultar e construír desde cero, ou ben modificalo e publicar o deseño modificado. Trátase, por tanto, de levar os fundamentos do software libre ao terreo do hardware. Isto está dando lugar a proxectos de grande interese, como o RepRap, unha impresora 3D autorreplicante, isto é, unha impresora que imprime obxectos e que pode imprimir impresoras idénticas a ela. O deseño desta impresora distribúese baixo as mesmas licenzas que o software libre, o que permite que calquera persoa con certos coñecementos (que

pode adquirir na rede) a constrúa, a mellore e a empregue para calquera finalidade (“Hardware libre”). Pode parecer que isto non supón innovación ningunha, pois hai moito tempo que podemos imprimir obxectos, mais é a primeira vez que calquera persoa o pode facer na súa casa cun mínimo de coñecementos, e isto si implica un avance social moi importante: por primeira vez un medio de produción está totalmente en mans da cidadanía, non dunha empresa que ten unha patente e que pode limitar o seu uso para os seus intereses. Grazas a isto, cada vez son máis frecuentes novas como “unha prótese de traquea creada cunha impresora 3D sálvalle a vida a un bebé” (23/05/2013).

3. As linguas e a revolución que vén: o caso do galego

Queremos analizar agora en que situación fican as linguas nesta revolución que parece estar comenzando, así como se podemos percibir nelas o efecto dunha rede distribuída como internet, do mesmo xeito que o percibimos na distribución do coñecemento coa Wikipedia, ou no software e no hardware libres. Parece que o modelo lingüístico dominante aínda ten detrás unha infraestrutura de comunicación descentralizada: existen varios núcleos (linguas hexemónicas) aos que están subordinados outros nodos (linguas dominadas), de aí que se entenda como importante aprender inglés, francés ou español, mais non maorí, bretón ou galego. Ese é un modelo que recoñecemos facilmente, mais está a mudar algo? Atopamos algúns datos que nos permitan ver certas fisuras neste modelo? Parece que, timidamente, si.

O primeiro do que nos decatamos é de que unha rede distribuída coma internet é unha oportunidade para as linguas dominadas, pois potencialmente é quen de romper a estrutura descentralizada que vimos de describir e pode xurdir un modelo en que todas as linguas teñan a mesma importancia, tal e como acontece cos nodos dunha rede distribuída (“Internet y las lenguas minorizadas”). É obvio que esta revolución teórica aínda non se produciu, mais xa se empezan a producir, grazas á rede, algúns fenómenos que son contraditorios co modelo descentralizado e que reflicten unha estrutura distribuída subxacente. Imos ver algúns exemplos centrándonos no caso do galego.

3.1. Internet na Galiza e o galego en internet

Internet é un medio que serve para nos comunicarmos, razón pola que moitas veces se analiza á par dos medios de comunicación tradicionais (prensa escrita en papel, radio, televisión). Con todo, cómpre termos en conta que estes últimos son medios de comunicación de masas, isto é, medios unidireccionais que envían un número de mensaxes limitadas a unha masa homoxénea, mais internet é un medio en que todos os nodos teñen a mesma importancia, polo que as mensaxes non son unidireccionais (centro – periferia), senón multidireccionais (López & Calvo, 2010: 32 – 34). Ao compararmos a historia do galego na rede coa historia do galego nos medios de comunicación de masas convencionais, decatámonos de que nos primeiros existe unha distancia temporal importante entre a súa chegada á Galiza e a chegada do galego a eles. Porén, internet chega a Galiza por primeira vez a fins dos anos 80 do século XX, as primeiras páxinas web galegas non se crearían até o 1993 e as primeiras páxinas en galego datan xa dese mesmo ano ou, como moi tarde, do seguinte (López & Calvo, 2010: 32 – 34; Romero & Vaquero, 2001: 138; “Un coristanqués...”, 09/06/2009). Así as cousas, xa percibimos un primeiro dato significativo para a lingua na rede: o galego chega a internet practicamente ao mesmo tempo que se comezan a crear contidos en internet desde a Galiza, algo que non aconteceu cos medios de comunicación convencionais.

3.2. O galego e o software libre

3.2.1. Localización

A localización de software refírese á adaptación dun aplicativo a unha determinada lingua, así como ás diferenzas locais (por exemplo, formatos de data etc.). No caso do software privativo a localización pode ser

moi custosa, pois cómpre o permiso da persoa ou entidade propietaria do software, algo que non sempre se pode conseguir. Porén, o software libre, grazas ás súas catro liberdades, permite que calquera persoa que o desexe comece a localizalo (Mas, 2006: 38). No caso do galego, a finais da década dos 90 comezan a xurdir os primeiros grupos de localización de software libre, que en 1999 confluirían no que hoxe coñecemos como Proxecto Trasno. Isto permítenos que, por exemplo, no lanzamento de cada nova versión de Ubuntu (unha das distribucións máis coñecidas do sistema operativo libre GNU/Linux) contemos co galego como opción de lingua ao mesmo nivel que as linguas hexemónicas (Méixome, 2012/04/26). Isto non acontece en sistemas operativos privativos¹, como Microsoft Windows: na maioría de versións podemos instalar un parche que nos traduce o sistema, mais é unha operación a posteriori (e que non sempre nos achega unha tradución completa). A localización de software privativo é un proceso baseado nunha rede descentralizada: cómpre acudir a un nodo central (propietario/a do software) para a podermos levar a cabo. Porén, na localización de software libre este paso non é necesario, pois o modelo de produción de software que está detrás é distribuído, e isto permite que as linguas dominadas non xoguen con (tanta) desvantaxe con respecto ás dominantes. O propio Richard Stallman resaltou o impacto positivo que o software libre ten para as linguas dominadas na súa recente visita á Galiza (Pardo, 15/12/2013).

3.2.2. Creación de ferramentas propias

Coa chegada da chamada web social apareceron medios como os blogues, as redes sociais, os wikis etc., primeiro en linguas hexemónicas, mais pouco a pouco chegaron tamén a algunhas dominadas. Os blogues son un medio que teñen as súas orixes nos anos 90 do século XX, mais que comezaron a se expandir arredor do ano 2000 e sufriron un estancamento no seu crecemento arredor do 2009. Este esquema global repítese de xeito case idéntico a nivel galego: no 2003 aparece o termo *blogomillo* para facer referencia á comunidade de persoas blogueiras en galego (Yáñez, 15/12/2003) e, perante a falta de ferramentas en galego para crear blogues, nese mesmo ano aparece tamén Blogaliza, unha ferramenta baseada en WordPress (ferramenta libre) que nos permite crear os nosos blogues en galego (goretoso, 2003/01/21). Posteriormente aparecerían ferramentas similares como a Blogoteca (2006) e buscadores de blogues en galego coma Blogalego (2010). Os blogues tiveron un importante efecto normalizador na rede, tanto pola súa diversidade temática como por lle dar voz a colectivos desfavorecidos, como a Galiza oriental ou as persoas galegofalantes da Coruña (Neira, 10/04/2006). Despois da explosión inicial, o blogomillo sufriu un estancamento desde finais da primeira década do século, mais non se trata dunha crise do galego nos blogues, senón dunha crise de contidos que afecta a blogues de todo o mundo.

Canto ás redes sociais, na imaxe da páxina seguinte podemos observar a data de creación das principais redes sociais globais, na parte superior, e a data da súa tradución ao galego, así como as redes sociais creadas inicialmente en galego, na parte inferior. Como podemos observar existe unha distancia temporal entre a data de creación das redes sociais globais e a súa tradución ao galego, mais, mentres esa tradución non chegaba, creamos redes sociais similares en galego. Tal é o caso de Cabozo, unha rede semellante a Facebook que botou a andar de xeito público no mesmo momento en que Facebook abriu a tradución ao galego; así coma o caso de latri.ca, unha rede social semellante a Twitter, baseada na rede libre identi.ca, que comezou a funcionar tres anos antes de que Twitter se traducise ao galego. É dicir, as redes sociais globais, cuxo código é privativo, tardaron en se poder traducir a linguas non hexemónicas, pois cumpría pedir permiso para iniciar o proceso (un proceso que, en casos coma o de Facebook e Twitter, foi realizado de xeito gratuíto por parte do usuariado das redes, sen que as empresas puxesen da súa parte máis que o concederen o permiso para a tradución). Isto chama especialmente a atención no caso de Twitter, pois no

¹ Software privativo é aquel que non garante algunha das catro liberdades do software libre. Cómpre non confundir privativo con comercial e libre con non comercial: un programa pode ser privativo e ser gratuíto (Internet Explorer), mais tamén pode ser libre e ser de pago (GNU/Linux Mandriva) (Mas, 2006: 18 – 19).

2009 o galego era a 21ª lingua máis usada nesta rede social (Sánchez, 02/10/2009), aínda tivemos que esperar 4 anos para a podermos usar en galego e, polo camiño, xurdiron iniciativas coma latri.ca que, se ben non teñen a proxección social que ten Twitter, reflicten a necesidade de termos esa ferramenta en galego, algo que, de novo, foi posíbel grazas á unha estrutura distribuída.




Ilustración 2: Elaboración propia a partir dos datos tirados das diferentes redes sociais incluídas.

3.3. O galego e a distribución libre do coñecemento

A Galipedia, a versión galega da Wikipedia, botou a andar dous anos despois do inicio do proxecto global. Desde aquel momento non deixou de medrar. No 2013 chegou aos 100 000 artigos, o que a coloca na segunda categoría por número de artigos, e a finais de decembro do 2013 atopábase no posto 45 de 287 por número de artigos ("List of Wikipedias"). Este é un dato importante, xa que, segundo datos do Ethnologue, a inicios do 2013 o galego atopábase no posto 160 de 6909 linguas vivas rexistradas no mundo por número de falantes (3,2 millóns) (Ethnologue), polo que a súa presenza na Wikipedia é maior da esperada en relación ao seu número de falantes. Existe, por tanto, unha vontade clara de poñer ao dispor da cidadanía coñecemento libre e en galego, algo que permite unha estrutura distribuída, mais que unha estrutura descentralizada fai máis difícil. Se ben é certo que aínda non supera os 200 000 artigos das maior enciclopedia en galego, a *Enciclopedia Galega Universal* (EGU), o impacto da Galipedia para a visibilidade do galego é moito máis importante: o acceso é libre, polo que o público potencial é moito máis amplo, e, ademais, cando unha persoa consulta un artigo na Wikipedia noutra lingua, o galego aparece como opción de idioma en igualdade con outras linguas en máis de 100 000 artigos.

4. Conclusións

Como indicamos ao inicio, parece claro que estamos a vivir "cambios sociais e políticos radicais" (Rivas & Rodríguez & Lozano, 2005: 322), polo que podemos afirmar que estamos no medio dunha revolución. O contexto actual preséntanos como un contexto de conflito motivado por eses cambios bruscos, un contexto en que semella que estamos a perder de súpeto todos os dereitos que levou anos e anos adquirir. Con todo, ao nos mergullarmos en profundidade no conflito, descubrimos que non todos os procesos veñen de arriba e promoven a perda de dereitos da cidadanía, senón que tamén existen dinámicas xeradas desde abaixo e baseadas na solidariedade e na colaboración entre iguais. Non podemos saber cara onde nos levará esta revolución, mais si podemos confirmar que existe xa un conflito entre dous modelos de

sociedade baseados en dous modelos de redes de comunicación diferentes: un antigo modelo descentralizado e un novo modelo distribuído. Vimos que podemos detectar os primeiros pasos deste novo modelo en múltiples aspectos, que van desde a distribución do coñecemento até os primeiros pasos para a apropiación dos medios de produción por parte da cidadanía. Trátase duns primeiros pasos, moi tímidos, mais que nos debuxan un futuro potencialmente máis xusto en todos os aspectos, tamén para as persoas falantes de linguas dominadas. Se esta transición se produce ou non dependerá, en boa medida, de que sexamos quen de frearmos o control que os gobernos pretenden exercer sobre a rede, pois baixo o pretexto de garantir a seguridade da cidadanía están a desenvolver accións que poñen en perigo a súa natureza distribuída e, en consecuencia, as súas potencialidades para a construción dunha outra realidade.

5. Bibliografía

- Casebourne, I. & Davies, C. & Fernandes, M. & Norman, N. (2012). *Assessing the accuracy and quality of Wikipedia entries compared to popular online encyclopaedias: A comparative preliminary study across disciplines in English, Spanish and Arabic*. Epic, Brighton, UK. Accedido o 09/10/2012, desde http://commons.wikimedia.org/wiki/File:EPIC_Oxford_report.pdf.
- EGU (*Enciclopedia Galega Universal*). Accedida o 27/12/2013, desde <https://web.archive.org/web/20130606152737/http://egu.es/>.
- Ethnologue. (24/02/2013). Summary by language size. Accedido o 27/12/2013, desde https://web.archive.org/web/20130224041256/http://www.ethnologue.com/ethno_docs/distribution.asp?by=size.
- Goretoxo. (21/01/2003). inauguramos medio. *Blogaliza*. Accedido o 09/01/2013, desde <http://web.archive.org/web/20030220082558/http://www.blogaliza.org/archives.php?id=A2003011>
- Hardware livre (s.d.). En *Wikipédia, a enciclopédia livre*. Accedido o 27/12/2013, desde http://pt.wikipedia.org/wiki/Hardware_livre.
- Internet y las lenguas minorizadas. (20/12/2010). *Nick dut Nik* (EITB) [arquivo de vídeo]. Accedido o 27/12/2013, desde <http://youtu.be/oFzEBTmtAfc>.
- List of Wikipedias. (s.d.). En *Meta-Wiki*. Accedido o 27/12/2013, desde http://meta.wikimedia.org/wiki/List_of_Wikipedias.
- López García, X. & Calvo Ferreiro, M. D. (2010). *Cibermedios, blogs e redes sociais en Galicia 2009*. Santiago de Compostela: Grupo de Novos Medios do Departamento de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela.. Accedido o 09/01/2013, desde http://www.novosmedios.org/wp-content/uploads/Cib_2009.pdf.
- Mas i Hernández, J. (2006): *Software libre: tecnicamente viábel, economicamente sostíbel e socialmente xusto*, traducido ao galego por Daniel Romero e Ana Salgado co apoio de Isabel Vaquero. Cesuras (A Coruña): Biblos. Accedido o 10/07/2012 desde <https://web.archive.org/web/20130622042839/http://gent.softcatala.org/jmas/sw/llibre-ga.pdf>.
- Méixome, A. (26/04/2012). Ubuntu 12.04 "Precise Pangolín" xa dispoñíbel en galego [mensaxe de blogue]. *Proxecto Trasno*. Accedido o 05/03/2013, desde <https://web.archive.org/web/20120702021150/http://www.trasno.net/content/ubuntu-1204-precise-pangolín-xa-dispoñíbel-en-galego>.
- Neira Cortizas, C. (10/04/2006). 1000 e 1 blogs en galego (V): Territorio e lingua [mesaxe de blogue]. *Calidonia Hibernia*. Accedido o 09/01/2013, desde <http://calidonia.eu/2006/04/10/1000-e-1-blogs-en-galego-v-territorio-e-lingua>.
- Pardo, M. (15/12/2013). "Que un Estado use Windows supón abrirle as portas de todos os seus despachos". *Praza Pública*. Accedido o 27/12/2013, desde <http://praza.com/ciencia-e-tecnoloxia/6116/que-un-estado-use-windows-supon-abrirle-as-portas-de-todos-os-seus-despachos>.
- Rivas García, M. (coord.) & Domínguez Prieto, X. M. & Lozano Paz, M. (2005). *Diccionario galego de Filosofía*. A Coruña: tresCtres.
- Sánchez, O. (02/10/2009). O galego, ¿entre as vinte linguas máis usadas en Twitter? [mensaxe de blogue]. *Mis post-its*.

Accedido o 27/12/2013, desde <http://blogs.lavozdeg Galicia.es/olallasanchez/2009/10/02/o-galego-%C2%BFentre-as-vinte-linguas-mais-usadas-en-twitter>.

Stallman, R. (2010). *Free Software, Free Society: Selected Essays of Richard M. Stallman* (2ª edición). Boston: Free Software Foundation. Accedido o 14/12/2012, desde <http://www.gnu.org/doc/fsfs-ii-2.pdf>.

Ugarte, D. de. (2005). *El poder de las redes*. Accedido o 27/12/2013, desde <http://lasindias.org/el-poder-de-las-redes>.

Un coristanqués elaborou desde Gales hai quince anos a primeira páxina en galego da historia. (09/06/2009). *La Voz de Galicia*. Accedido o 02/01/2013, desde http://www.lavozdeg Galicia.es/carballo/2009/06/09/0003_7773162.htm?idioma=galego.

Unha prótese de traquea creada cunha impresora 3D sálvalle a vida a un bebé. (23/05/2013). *Telexornal Serán* (CRTVG). Accedido o 27/12/2013, desde <http://www.crtvg.es/informativos/unha-protese-de-traquea-creada-cunha-impresora-3d-salvalle-a-vida-a-un-bebe-592050>.

Vaquero, I. & Romero, D. (2001). *Da periferia á rede Internet en Galicia: Lingua e contidos*. Vigo: Xerais.

Ventós Corominas, Nil. (15/12/2013). Manuel Castells: «Os políticos suprimirían Internet se puidesen, pero xa é moi tarde». *La Voz de Galicia*. Accedido o 27/12/2013, desde http://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/espana/2013/12/15/manuel-castells-politicos-suprimirian-internet-pudieran-tarde/0003_201312G15P26991.htm?idioma=galego.

Yáñez, M. (15/12/2003). Outra vaca no blogmillo: Manolo Gago [mensaxe de blogue]. *Todo Nada*. Accedido o 09/01/2013, desde http://todonada.blogspot.com.es/2003_12_01_archive.html.